

## SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO PARA MENORES DE 6 ANOS

Xa é posible realizar a tramitación do Seguro Deportivo obrigatorio para a tempada 2019/20 para menores de 6 anos.

Coa finalidade de regular a situación dos/as xogadores/as menores de 6 anos que non entran dentro do Programa Xogade e darlles cobertura sanitaria en caso de accidente deportivo, a Federación Galega de Balonmán pon a disposición dos clubs un seguro coas coberturas que marca o Real Decreto ao igual que no resto de categorías; os/as xogadores/as estarían cobertos/as durante toda a tempada entre o 1 de setembro de 2019 e 1 de setembro de 2020 na adestramentos e competicións oficiais da FGBM.

O prezo do seguro será de 9 € por deportista, e o proceso de tramitación do mesmo será igual que no resto das categorías, solicitando o seguro a través da plataforma de MiSquad unha vez introducidos todos os datos dos nenos/as.

En Vigo a 24 de setembro de 2019.

